-NVERSATEATRO
ΣΟΦΙΑ
Sófiá
é ás
póstsócratícás
María Roja. Marta Pérez. Silvia Penas
Dirección de Marta Pérez
AGADIC
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
sgae

Sofía e as Postsocráticas

un espectáculo escénico sobre a violencia de xénero

Sofía e as Postsocráticas é unha obra que versa sobre a violencia machista, afondando nas causas da estrutura do maltrato. A partires de tres personaxes en escena: Sócrates, Platón e Aristóteles (interpretados por mulleres) trataremos de buscar un novo *logos*, é dicir, un novo patrón interpretativo da realidade no que poidamos facer o cálculo do que é ou o que non é violencia machista. Xunto coas personaxes e mediante o emprego de máscaras, a dramaturxia conta tamén con elementos audiovisuais e sonoros que axudarán na reflexión de cal é a nosa responsabilidade como sociedade ante este tema. O pacto patriarcal, o silencio como resposta, o valor ontolóxico, o victim blaming (culpabilizar á vítima), a negación ou o síndrome espectador son os fíos argumentais polos que transitan as nosas personaxes.

Desde **Inversa Teatro** presentamos a nova montaxe: ***Sofía e as Postsocráticas***. Trátase dunha obra que versa sobre a violencia machista desde unha perspectiva filosófica, empregando máis concretamente ideas da filosofía grega con tres personaxes en escena: Sócrates, Aristóteles e Platón (interpretados por mulleres) que empregarán recursos de máscaras a escala real ademáis do emprego de técnicas audiovisuais sobre o escenario para acadar a sensación de duplicidade de personaxes sobre o escenario. Nesta peza, a escenografía, a videocreación, a paisaxe sonora e a poesía xoga un papel sumamente importante.

O logos non é máis que un cálculo verbal do mundo, é dicir, cando Sócrates se pregunta pola virtude, pregúntase se un home é máis ou menos virtuoso, polo tanto o que está facendo é calculando un patrón interpretativo da realidade. As nosas Postsocráticas: Sócrates, Platón e Aristóteles intentarán establecer un novo logos, é dicir, calcular que é e que non é violencia machista e como se sustenta. Temas como A Manada e a xustiza patriarcal, a negación da violencia, a ideoloxía expresada baixo o concepto da paralaxe, a normalización da violencia sexual, a dependencia das víctimas son tratados ao longo da obra para entender porqué e de que xeito se mantén a violencia machista, como esta está completamente normalizada; así como a morte de Sócrates foi lexitimada por unha votación democrática, tamén as mortes das mulleres nesta sociedade están permitidas baixo un pacto democrático que sustenta a violencia.



Relevancia e singularidade do proxecto

A relevancia neste caso vese reflexada na mistura de filosofía, máscaras, poesía e tecnoloxía audiovisual e denuncia dun tema tan complexo como é a violencia de xénero. A filosofía presente dando continuidade ás dúas últimas pezas da compañía (***Té con Kant*** e ***Fémina Sapiens***) e que tan bo resultado deu nos últimos anos. A filosofía que demostra que temos a un público ávido de saber e de reflexionar; un público que precisa de crítica en tempos de crise e non só de mero espectáculo. A filosofía tamén como continuidade pedagóxica.

Compromiso social

Ademáis da singularidade que propoñemos a nivel estético, tamén temos un obxectivo fundamental: acadar a sensibilización do público asistente a un tema, que, por desgraza, sempre está de actualidade. Reflexar que a violencia machista é un problema de toda a sociedade e que todas e todos temos que formar parte para erradicala, vela como terrorismo e non como un campo que pertence ao mundo privado. Enfrontarnos a esa dicotomía de público/privado para sensibilizar e dar a coñecer moitos casos de violencias machistas que son silentes e invisibles. Facer reflexionar sobre o tema da estigmatización social das mulleres que denuncian (*victim blaming*) e poñer sobre o tapete a realidade sobre o que sucede neste ámbito. Poñer en valor a voz da muller fronte un discurso dominante e patriarcal e potenciar así o feminismo en escena. Cuestionar como somos escoitadas as mulleres; isto é fundamental, pois por moito que berremos, a nosa voz non resoa, incluso, noutras mulleres.

A violencia machista está apoiada e sustentada nunha ideoloxía normalizada, no silencio e no medo. Por elo, é moi importante comprender quen pon en práctica a lexitimidade do privilexio e o silencio. En definitiva, é moi importante comprender quen pon en práctica a violencia, se son os que a defenden ou os que loitan contra ela. Neste caso somos as/os mesmas/os; pois unha sociedade que non se compromete non pode xerar intelectuais que se comprometan.

A violencia de xénero é silenciosa e está lexitimada desde diferentes frontes, tanto pola sociedade como pola intelectualidade máis comprometida. Unha realidade que procede dun mundo invisible cómplice co sistema patriarcal no que vivimos. Trátase dunha violencia estrutural, que fai que ao redor xurdan argumentos para xustificala. Non se visibiliza porque ocorre nun ámbito íntimo. Non é unha violencia externa que altere as normas de convivencia- por iso non a califican como terrorismo- senón froito dun rol arraigado que parte da desigualdade e da incapacidade de cuestionarse novas formas de masculinidade por falta de referentes. Non se trata tampouco de individuos violentos sen máis, se fose así, amosarían a súa violencia nos bares, asasinarían aos amigos...pero non, non é isto, só amosan a súa violencia no ámbito privado, coas mulleres, por isto é claramente un problema de xénero. Por iso é sempre tan difícil de detectar.

UNIVERSO GREGO

A obra comeza coas tres personaxes que xogan a ser os tres filósofos que máis impronta deixaron na cultura occidental para que pouco a pouco e nun traballo de deconstrucción, aparezan as nosas postsocráticas. A idea é criticar e entender como desde o inicio da nosa cultura a violencia foi un concepto fundante posto que se parte de que unha muller só é un "ser" en relación a eles, os varóns. Así, eles eran o discurso e o verbo e nós o tema e o adxectivo. Por elo, nesta obra é tan importante o tema da linguaxe e por iso dicimos que cada vez que falamos estamos calculando o mundo. A medida que avanzamos na peza, estas tres mulleres que buscan un cambio de paradigma desfanse dos seus traxes gregos para aparecen elas mesmas e os seus novos pensamentos: aparecen pois, as postsocráticas que pretenden reflexionar co público que nos acompaña.

EFECTO ESPECTADOR:

O efecto espectador ou síndrome Genovesse é outro dos puntos clave da obra teatral. Trátase da indiferenza entendida como disolución de responsabilidades cando actuamos de xeito colectivo: se o veciño non fai nada, por que debo facelo eu? Na nosa mente contradinse dúas normas: axuda aos demais e fai o que fagan os demais. Descubrimos que sempre terá máis peso a norma social, é dicir, a segunda norma que a primeira. Na obra, tamén nós formamos parte así dxs espectadorxs que acoden ver a peza.



O efecto espectador ou síndrome Genovese refírese ao caso de Kitty Genovese, unha muller de Nova Iorque que foi apuñalada ata a morte preto da súa casa, no condado de Queens o 13 de marzo de 1964. As circunstancias da súa morte e a aparente reacción (ou máis ben a falta dela) dos seus veciños apareceron nun artigo de prensa dúas semanas despois e provocaron a investigación psicolóxica do fenómeno, que se deu a coñecer como o síndrome antes sinalado. Kitty chegou do seu traballo como responsable dun bar á súa casa ás 3:15 da madrugada. Aparcou a uns 30 metros do seu apartamento, cando Winston Moseley achegóuselle rapidamente e apuñalouna dúas veces polas costas. Os berros de Kitty foron escoitados por varios veciños pero era unha noite fría e coas fiestras pechadas poucos deles recoñeceron que eran berros de auxilio. Un dos veciños si puido distinguir con claridade o que sucedía e berroulle ao atacante: “Deixe en paz a esa muller!”. Moseley fuxiu e Kitty seguiu o seu camiño cara o apartamento. Estaba seriamente danada. As gravacións das primeiras chamadas á policía son confusas e esta non lle deu unha alta prioridade. Algún veciño foi o que chamou a policía e outras testemuñas, sen embargo, observaron a Moseley subir ao seu coche e irse só para regresar dez minutos máis tarde. Moseley fixo unha procura pola zona ata atopar a Kitty, que estaba deitada e apenas

consciente no chan, no vestíbulo na parte posterior do edificio, unha vez alí seguiu apuñalándoa máis veces. As feridas do coitelo na man dela, suxiren que tentou defenderse do seu atacante. Mentres morría, el atacouna sexualmente, rouboulle 49 dólares e deixouna tirada no vestíbulo. Os ataques duraron aproximadamente media hora. Algúns minutos despois, unha testemuña, Karl Ross, chamou á policia que se presentou poucos minutos despois xunto co persoal médico. Kitty foi levada nunha ambulancia e morreu durante o camiño ao hospital. Unha posterior investigación policial determinou que uns 12 individuos viron e escoitaron partes do ataque (segundo o artigo do Times foran 38 persoas). Ningún deles fixo nada durante o ataque. A historia de Genovese converteuse nunha parábola case instantánea sobre a insensibilidade, ou cando menos, a apatía dos demais cara alguén en apuros dos cidadáns de Nova Iorque, os das áreas urbanas ou a humanidade en xeral. A historia cristalizouse a partires dunha cita do artigo dun veciño anónimo que viu parte do ataque pero decidiu non chamar á policía porque “non quería verse implicado”. Outro veciño acendeu a radio para non escoitar os berros de Kitty polo mesmo motivo. Ao final, ningún dos seus veciños querían verse implicados e non fixeron nada durante os 40 minutos que puido durar este suceso desde o seu comezo ata que chegou a policía.

CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN

Xunto coa obra realizamos unha forte campaña de comunicación que foi lanzada un mes antes da estrea, trátase das chamadas ***Fábulas Postsocráticas***. Que é isto? Pois isto será unha campaña da Compañía que consiste na creación de dezaseis micro-historias que teñan que ver co maltrato e que ao modo das campañas contra a violencia de xénero, xeren viralidade nas redes sociais. Contamos coa colaboración de 16 actores e actrices galegas/os de prestixio e recoñecemento para sacarlle fotos cos nosos slogans das fábulas e así poder poñer cada día unha desde o noso facebook de Inversa Teatro para que estas poidan ser compartidas, alcanzando a máxima viralidade que poidamos e buscando complicidades nos CIM dos concellos e páxinas feministas afíns para que isto chegue ao máximo público posible creando de antemán espectativas sobre o proxecto. Estas fábulas están inspiradas nas fábulas de Esopo, tendo unha historia pequena e unha "moralexa" ao final que precisamente é a que sosterán os/as nosos/as convidados/as. Exemplo:

Fábula de *Os dous Esquíos*

Un esquío vermello vivía nunha frondosa sequoia dun tamén frondoso bosque. Era feliz, pero sentíase moi só.

Un día chegou ao piñeiro contiguo un esquío tamén encarnado. O esquío vermello recibiu con moito agarimo ao novo compañeiro e fixéronse amigos deseguida. Axudábanse e comentaban os quefaceres diarios, pero o novo veciño case sempre poñía algunha pega ao que facía o seu hospitalario amigo.

O primeiro día que foron comer xuntos díxolle que lle molestaba o ruído que producía ao roer. Entón o esquío, que quería agradar o seu novo amigo, tratou de roer máis devagariño ou comer en soidade

Ao segundo día ,mentres gabeaban a un penedo, o novo esquío comentoulle con abraio que nunca vira un esquío coas orellas tan curtas coma el. Entón o esquío da sequoia, estivo toda a noite, pendurado polas orellas dunha póla para estiralas.

O cuarto día o esquío do piñeiro acusouno de non traballar o suficiente e chamoulle langrán. E o seu amigo, avergoñado, comezou a madrugar e e xuntar piñas e noces e deitábase moi tarde e moi esgotado.

O terceiro día, o esquío do piñeiro confesoulle que os seus dentes parecíanlle feos e tortos e a súa conversa estúpida. E o esquío da sequoia foi ficando cada vez máis calado.

O quinto día chamoulle ridículo na festa da primavera diante dos demais animais. E o esquío decidiu non ir máis á festa da primavera nin a ningunha festa.

E un día baixaba a sequoia o esquío e o seu veciño non lle dixo nada pero mirouno fite a fite e riu burlonamente.

O esquío volveu subir á sequoia e non baixou nunca máis.


A violencia psicolóxica
é unha arma que mata.

FICHA ARTÍSTICA:

Dirección: Marta Pérez.

Texto: Marta Pérez (a partires de materiais de creación colectiva)

Dramaturxia e interpretación: Marta Pérez. María Roja. Silvia Penas.

Axudante de dirección: Santi Romay

Poemas: Silvia Penas.

Movemneto: María Roja

Escenografía: Montse Piñeiro.

Construción Escenografía: Gonzalo Alonso.

Videocreación: Laura Iturralde.

Iluminación: Ángel Sousa.

Espazo Sonoro: Jesús Andrés Tejada & Silvia Penas (CintaAdhesiva)

Vestiario: Silvia Sánchez (Lechanelas). Josefa Rivas.

Voz en Off: Manuel Outeiriño.

Fábulas Postsocráticas: Marta Pérez. Silvia Penas.

Campaña de Comunicación e fotografía: Ángel Sousa - Ampersand Fotografía

Produción: Marta Pérez.

Axudante Produción: Belén Piñeiro.

Gravación Obra: Fon Cortizo

Imaxe gráfica: María Rodríguez.

Agradecementos: Especial agradecemento a Santi Romay (axudantía dirección) e Miguel Borines (manipulación máscaras). Nicolás Zamorano. C.C. San Lourenzo. Auditorio Municipal Illa de Arousa. Talía Teatro. Morris. Isabel Risco. Iria Sobrado. María Vázquez. Lucía Regueiro. Federico Pérez Rei. Xosé Barato. Mercedes Castro. Monti Castiñeiras. Cris Iglesias. Sheyla Fariña. Evaristo Calvo. Patricia Vázquez. Sabela Arán. Marcos Pereiro.

Inversa Teatro

Marta Pérez

Praza da Ultreia num 3-4ºB

15705 Santiago de Compostela

inversa@inversateatro.com

690.084.625

www.inversateatro.com